

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 5/2015**, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran nos anexos I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de DEZ (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

Contra a exclusión definitiva poderase interponer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvaguardando os principios constitucionais de igualdade, merito e capacidade.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte , un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.
Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia, como minimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e un dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados e o informe do investigador propoñente valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

A comisión, para elaborar a proposta de adxudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adxudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase ao Reitor da USC, para a súa adxudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sixelo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os figuran, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía e na páxina web da Vicerreitoría de Investigación

<http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-129>

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao

da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2015


Por delegación do Reitor

(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



Anexo I

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1643 NANOTECNOLOXÍAS APLICADAS Ou DESEÑO DE SISTEMAS DE LIBERACIÓN DE FÁRMACOSNANOBIOFAR
Referencia da Actividade	2013-PG072
Centro de Traballo	Farmacia
Investigador Principal	Torres López, María Dolores Ramona
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento e avaliación de nanopartículas para o seu uso en terapia xénica de distrofias da retina.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1714.29 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Farmacia, Medicina, Bioloxía, Veterinaria ou Bioquímica.
Méritos	Máster en Investigación e desenvolvemento de medicamentos, 10 puntos. Experiencia investigadora acreditada no desenvolvemento de sistemas de transfección nanoparticulares destinados á terapia xénica, 30 puntos. Experiencia investigadora acreditada no tratamento de distrofias da retina, 30 puntos. Entrevista persoal, 30 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Biosensores de membrana para a identificación de biopolímeros. EMERXENTES
Referencia da Actividade	2014-PG012.00
Centro de Traballo	CIQUS
Investigador Principal	Amorín López, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Síntese de péptidos para a formación de canles iónicos.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	800 €
Previsión da duración*	3 meses y 21 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Traballos e publicacións sobre péptidos formadores de canles iónicos., 25 puntos. Expediente académico., 25 puntos. Coñecementos sobre a síntese de aminoácidos e péptidos., 25 puntos. Entrevista persoal aos dous mellores candidatos., 25 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Biosensores de membrana para a identificación de biopolímeros. EMERXENTES
Referencia da Actividade	2014-PG012.01
Centro de Traballo	CIQUS
Investigador Principal	Amorín López, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Xeración de compostos mesogénicos polimerizables baseados en péptidos.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	800 €
Previsión da duración*	5 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Traballos e publicacións na xeración de compostos mesogénicos., 25 puntos. Expediente académico., 25 puntos. Coñecementos sobre a síntese de aminoácidos e péptidos., 25 puntos. Entrevista persoal aos dous mellores candidatos., 25 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	DronePlan: planificación do movemento, SLAM e tracking para UAVs. EMERXENTES
Referencia da Actividade	2014-PG023.00
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Mucientes Molina, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Estimación da posición dun UAV
---------------------	--------------------------------

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	3 meses y 20 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Bacharelato en tecnolóxico ou FPII en Informática
Méritos	Coñecementos de programación, 30 puntos. Experiencia en aplicacións con cámaras, 30 puntos. Entrevista persoal. Só se realizará a entrevista aos candidatos que obteñan polo menos un 90% da puntuación máxima en todos os apartados previos., 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	DronePlan: planificación do movemento, SLAM e tracking para UAVs. EMERXENTES
Referencia da Actividade	2014-PG023.01
Centro de Traballo	CITIUS
Investigador Principal	Mucientes Molina, Manuel
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Implementación do algoritmo AD* en retículas de estados, Aprendizaxe de modelos cinemáticos, Xeración de traxectorias primitivas
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Informática. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Coñecementos de metaheurísticas, 30 puntos. Experiencia en técnicas de Soft Computing, 30 puntos. Entrevista persoal. Só se realizará a entrevista aos candidatos que obteñan polo menos un 90% da puntuación máxima en todos os apartados previos, 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GPC GI-2085 Laboratorio de Investigación e Desenvolvemento de Solucións Analíticas
Referencia da Actividade	2014-PG040
Centro de Traballo	Química
Investigador Principal	LLompart Vizoso, María del Pilar
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	O traballo centrarase no desenvolvemento de métodos para a análise de aditivos en produtos cosméticos utilizando técnicas de extracción avanzadas e GC e LC axustada a espectrometría de masas de tripla cuadrupolo
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	5 meses y 26 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Química. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Experiencia na análise de produtos cosméticos, 35 puntos. Experiencia en GC MS/MS (tripla cuadrupolo), 15 puntos. Publicacións Científicas, 35 puntos. Participación en congresos, 15 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1178 Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento
Referencia da Actividade	2014-PG100.00
Centro de Traballo	Ciencias Económicas e Empresariais
Investigador Principal	Vence Deza, Xavier
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Elaboración de enquisas a gandeiros., Tratamento dos datos recollidos., Redacción do traballo final de investigación., Presentación dos resultados en congresos e reunións científicas.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1250 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Economía; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Ter cursado un Máster en temas de Desenvolvemento Económico e Innovación con orientación investigadora, 10 puntos. Ter realizado traballos de investigación sobre temas de innovación, 10 puntos. Experiencia en investigación en proxectos relacionados coa externalización de servizos no sector agroalimentario, 20 puntos. Experiencia en investigación en Proxectos Europeos do Programa Cadro, 10 puntos. Nivel de inglés mínimo C1, 10 puntos. Entrevista aos 5 candidatos coa mellor puntuación, 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1178 Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento
Referencia da Actividade	2014-PG100.01
Centro de Traballo	Ciencias Económicas e Empresariais
Investigador Principal	Vence Deza, Xavier
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Mantemento das páxinas webs e redes sociais relacionadas co Grupo de Investigación e coa súa actividade: proxectos, redes, titulacións, etc., Identificación das convocatorias públicas e privadas de axudas para a realización de proxectos de I+D.,
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1250 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Axudante administrativo

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Bacharelato en Ciencias Sociais Bacharelato en Ciencias da Saúde
Méritos	Ter experiencia como tecnólogo/a e axente de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en grupos de investigación, mínimo 1,5 anos, 20 puntos. Experiencia en apoio á investigación e á xestión de proxectos europeos do Programa Cadro, 20 puntos. Nivel de inglés mínimo C1, 20 puntos. Entrevista aos 5 candidatos coa mellor puntuación, 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. GRC GI-1178 Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento
Referencia da Actividade	2014-PG100.02
Centro de Traballo	Ciencias Económicas e Empresariais
Investigador Principal	Vence Deza, Xavier
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Recompilación e análise bibliográfico., Construcción das balanzas fiscais de Galicia., Construcción da bases de datos do comercio internacional e interrexional de Galicia., Redacción do traballo final de investigación., Presentación dos resultados en cong
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1250 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Economía; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Ter cursado un Máster en temas de Desenvolvemento Económico e Innovación con orientación investigadora, 10 puntos. Ter realizado traballos de investigación sobre problemas de integración europea e crise, 10 puntos. Experiencia en investigación en proxectos internacionais con estudos de caso baseados na economía galega, 20 puntos. Experiencia en investigación en Proxectos Europeos do Programa Cadro, 10 puntos. Nivel de inglés mínimo B2, 10 puntos. Entrevista aos 5 candidatos coa mellor puntuación, 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-1862 RATGA: Rede de Animais Transxénicos de Galicia
Referencia da Actividade	2014-PG114
Centro de Traballo	CIMUS
Investigador Principal	Costoya Ponte, José Antonio
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Establecemento e mantemento do repositorio de material criopreservado., Establecemento e mantemento do banco de tecidos e células.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1300 €
Previsión da duración*	6 meses y 16 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	FP II - Ciclo Superior en titulacións pertencentes ás familias profesionais de Sanidade ou Química con "Capacitación en Protección e Experimentación Animal con categoría B acreditada polo Organismo correspondente (R.D. 1201/2005).
Méritos	Experiencia de traballo en animalarios de investigación., 10 puntos. Habilidades técnicas na manipulación de embrións e criopreservación de liñas de rato., 40 puntos. Xestión de colonias de ratos., 10 puntos. Experiencia en cultivo celular e técnicas básicas de Bioloxía Molecular, 10 puntos. Experiencia en técnicas de Histoloxía, 30 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-1584 MetalBIO
Referencia da Actividade	2014-PG129
Centro de Traballo	Ciencias - Lugo
Investigador Principal	Bermejo Patiño, Manuel Rafael
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Ensaio de actividade catalítica de modelos bioinorgánicos miméticos de enzimas naturais.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1100 €
Previsión da duración*	2 meses y 7 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial
Categoría Laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Química ou Veterinaria ou Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos ou Farmacia
Méritos	Experiencia en xestión de laboratorios de bioquímica, 40 puntos. Experiencia en ensaios tipo catalasa, peroxidasa, SOD, etc., 30 puntos. Publicacións indexadas con investigación relativa ao obxecto do traballo, 30 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-2040 NÁIADE: Conservación de bivalvos e peces dulceacuícolas.
Referencia da Actividade	2014-PG140.00
Centro de Traballo	Facultade de Veterinaria
Investigador Principal	Ondina Navarret, María Paz
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Toma e análise de datos bióticos e abióticos no laboratorio e no campo, Ensaio de cultivo de bivalvos no laboratorio e no medio natural, Tratamento estatístico dos resultados, Elaboración de informes
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1300 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Licenciado/a en Bioloxía. Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Programa de doutoramento: Biodiversidade e conservación do medio natural, 20 puntos. Participación en proxectos competitivos relacionados con macroinvertebrados acuáticos, especialmente con bivalvos ameazados, 10 puntos. Experiencia en mostraxe de macroinvertebrados acuáticos, toma e análise de datos, 10 puntos. Experiencia no manexo e cultivo de bivalvos dulceacuícolas, 30 puntos. Título de mergullo recreativo básico, 10 puntos. Só aqueles candidatos que acaden un mínimo de 60 puntos nos méritos valorados accederán á fase de entrevista persoal, 20 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-2040 NÁIADE: Conservación de bivalvos e peces dulceacuícolas.
Referencia da Actividade	2014-PG140.01
Centro de Traballo	Instituto de Investigacións Tecnolóxicas(Campus Vida)
Investigador Principal	Ondina Navarret, María Paz
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Deseño da rede de mostraxe de sedimentos e recollida periódica de mostras, Caracterización físico-química de sedimentos, tratamento e análise de datos, Determinación de índices xeoquímicos e modelización da mobilidade de contaminantes nos sistemas acuáticos
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1715 €
Previsión da duración*	5 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a asociado/a

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Doutor/a en Doutor/a en Química
Méritos	Doutor/a con un mínimo de 3 anos de experiencia profesional no sector académico ou público de I+D, 20 puntos. Publicacións internacionais e comunicacións a congresos relacionados coa temática de xeoquímica ambiental, 30 puntos. Experiencia acreditada en proxectos ou contratos de investigación: participación e xestión, 5 puntos. Experiencia en cálculos de especiación química e de complexación superficial. Manexo de software de especiación química, 25 puntos. Experiencia en traballos con óxidos de ferro e con mostras naturais (solos, augas e sedimentos), 20 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-2040 NÁIADE: Conservación de bivalvos e peces dulceacuícolas.
Referencia da Actividade	2014-PG140.02
Centro de Traballo	CIBUS(Dpto. de Microbioloxía)
Investigador Principal	Ondina Navarret, María Paz
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Cultivo e illamento de microalgas, avaliación de dietas para larvas de moluscos
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	6 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Bioloxía
Méritos	Experiencia previa como bolseiro de investigación, 10 puntos. Experiencia previa en empresas, 20 puntos. Participación en proxectos de investigación, 10 puntos. Formación adicional (máster, títulos propios, etc.) relacionados coa acuicultura e cría animal, 10 puntos. Publicacións en revistas internacionais e nacionais, asistencia a congresos, etc. Valorándose con puntuación dobre aquelas en o ámbito da xenética e cultivo de moluscos e microalgas, 30 puntos. Pasarán á fase de entrevista aqueles candidatos que alcancen os 70 puntos nos méritos valorados, 20 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Consolidación e estruturación. REDES GI-2127 INBIOEST: Novas ferramentas estatísticas e computacionais aplicadas á investigación en Saúde, Deporte e Medio Ambiente.
Referencia da Actividade	2014-PG141
Centro de Traballo	CIMUS
Investigador Principal	Cadarso Suárez, Carmen María
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Organización e planificación das diferentes actividades, Busca de novas fontes de financiamento.
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	4 meses y 23 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Ciencias Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Económicas, Matemáticas.
Méritos	Experiencia acreditada en xestión no ámbito universitario, 12 puntos. Experiencia acreditada en presentación e xestión de propostas de proxectos en convocatorias rexionais, nacionais e europeas, 10 puntos. Participación en elaboración de memorias científicas de tipo bioestatístico, 9 puntos. Participación en organización de actividades científicas e de divulgación, 9 puntos. Formación específica en xestión de proxectos, 10 puntos. Coñecemento do idioma inglés (certificación mínima a valorar: B2 ou FCE, 5 puntos. Formación en estatística, 5 puntos. Entrevista persoal: os candidatos que obteñan unha puntuación mínima de 40 sobre 60 (tras valoración de méritos anteriores), pasarán á fase de entrevista, 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

Anexo II

PROXECTO

Título da Actividade	Corpus digital de textos gallegos de la Edad Moderna. Catalogación, multiedición, glosario y estudio.
Referencia da Actividade	2013-PN134
Centro de Traballo	Instituto da Lingua Galega
Investigador Principal	González Seoane, Ernesto Xosé
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento de aplicacións e solucións web no ámbito da lingüística, Mantemento das aplicacións e sistemas informáticos existentes no centro, Soporte aos usuarios do centro
---------------------	--

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1462.50 €
Previsión da duración*	4 meses y 30 días
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Enxeñería Informática Licenciado/a - Grao en Enxeñeiro Técnico en Informática
Méritos	Experiencia en desenvolvemento LAMP (Linux, Apache, MySQL, PHP), 15 puntos. Coñecemento das linguaxes HTML, CSS e JavaScript, 15 puntos. Coñecemento ou experiencia en administración de sistemas operativos GNU/ Linux, 15 puntos. Expediente académico, 30 puntos. Entrevista persoal (só candidatos que superen os 50 puntos nos demais apartados), 25 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Herramientas sintéticas en Química Biológica. Nuevas estrategias moleculares para el tratamiento y diagnóstico de cánceres.
Referencia da Actividade	2013-PN176
Centro de Traballo	CIQUS
Investigador Principal	Mascareñas Cid, José Luis
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Ferramentas químicas aplicadas para o estudo de sistemas biolóxicos
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1173 €
Previsión da duración*	5 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Licenciado en Química; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Máster en Química Avanzada, 30 puntos. Experiencia en: Deseño e síntese de péptidos bioactivos e sensores péptidicos fluorescentes, sínteses de proteínas, desenvolvemento de novas estratexias de detección con sondas fluorescentes, luminescencia de iones lantánidos, desenmascaramiento de axentes de unión a DNA catalizados por metais en células vivas, deseño de sistemas de unión a DNA cuxa citotoxicidade poida modularse mediante estímulos externos, 40 puntos. Expediente académico, 15 puntos. Entrevista persoal en caso de ser necesaria ao tres mellores candidatos, 15 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Nuevos métodos sintéticos para el transporte a través de membranas (Synthetically Engineered Transport Across Lipid Membranes)
Referencia da Actividade	2015-PN001
Centro de Traballo	CIQUS
Investigador Principal	Montenegro García, Javier
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Síntese Orgánica e caracterización de canles iónicos e transporte selectivo de proteínas.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	750 €
Previsión da duración*	12 meses
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Parcial
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a - Grao en Grao en Química; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Master en Química, 30 puntos. Experiencia en química de coordinación e en síntese e caracterización en fase sólida, 40 puntos. Entrevista persoal ao tres mellores candidatos, 30 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Challenging the Standard Model using an extended Physics program in LHCb (BSMFLEET)
Referencia da Actividade	2014-PI030.00
Centro de Traballo	Facultade de Física/CERN
Investigador Principal	Martínez Santos, Diego
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento de liñas de trigger de alto nivel para desintegracións de kaons en LHCb. ☐ Análise de datos experimentais de física de kaons de LHCb. ☐ Realización dunha tese de doutoramento incluíndo os apartados anteriores.
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.255,00 €
Previsión da duración*	3 años
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a-Grao en Física; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Expediente Académico, 30 puntos. Coñecemento de software de análise de LHCb, 30 puntos. Entrevista de traballo, 40 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

PROXECTO

Título da Actividade	Challenging the Standard Model using an extended Physics program in LHCb (BSMFLEET)
Referencia da Actividade	2014-PI030.01
Centro de Traballo	Facultade de Física/CERN
Investigador Principal	Martínez Santos, Diego
Número de Prazas	1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar	Desenvolvemento de programas para incorporar observables de b-physics en análises globais de SuperSimetría. Análise de datos experimentais de LHCb. Desenvolvemento de modelos de resolución de masa invariante. Realización dunha tese de doutoramento incluín
---------------------	---

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual	1.255,00 €
Previsión da duración*	3 años
Data de inicio prevista	A partir do día seguinte a data de resolución reitoral de selección
Xornada Laboral	Tempo Completo (37,5 horas semanais)
Categoría Laboral	Investigador/a en formación

REQUISITOS E MÉRITOS

Titulacións	Licenciado/a-Grao en Física; Estar matriculado nun programa de doutoramento na USC
Méritos	Expediente Académico, 20 puntos. Coñecemento de software de análise de LHCb, 20 puntos. Experiencia en implementación de observables sensibles a supersimetría, 40 puntos. Entrevista de traballo, 20 puntos.

A duración prevista do contrato pode sufrir modificacións en función da resolución da convocatoria e da duración da actividade/proxecto

ANEXO III

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 5/2015 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

Datos persoais

Nome	Apelidos	NIF
------	----------	-----

Domicilio a efectos de notificación

Rúa, número, planta, porta:	C.P.:
Municipio, provincia:	Teléfono:
e-mail a efectos notificación:	

Datos da actividade de investigación para a que presenta a solicitude

Título da actividade:
Referencia Praza : Investigador Principal:
Centro:
Tese de Doutoramento: indicar se está matriculado na Tese de Doutoramento
<u>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: FOTOCOPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL , NAS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE DEBERÁ REFLECTIR A NOTA MEDIA, FOTOCOPIA DO TÍTULO, E FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS</u>

EXPÓN

SOLICITA

_____, a _____ de _____ de _____

Sinatura,